

## Contos tradicionais e outras narracións de Rozadas (Bual)

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Brindamos aquí un mayuzo de contos de todas as menas, resultao de dalgúas grabacións feitas á bualesa Elisa Fernández Barcia. A relatadora d'estos contos nacéu en Rozadas (Bual) nel ano 1908 e a ese conceyo corresponden os seus rasgos lingüísticos. A os ventioito anos casóu en Mántaras (Tapia) e despois, en 1968, marchóu vivir a Uviéu. As grabacións, delas fixéronse nos anos 1986 e 1987 e outras entre 1990 e o comezo de 1992, en Mántaras e Uviéu.

El conceyo de Bual ta nel occidente asturiano, cuasementa nel metá da franxa qu'estreman os ríos Navia e Eo. Al norte ten os conceyos d'El Franco e Cuaña, al este el conceyo de Villayón, al oeste el conceyo de Castropol e al sur el conceyo d'Eilao. Rozadas é da parroquia d'A Veigadouria, al NO del conceyo.

Pola mor da súa situación xeográfica, a lingua de Bual, como imos ver, ten dalgús rasgos en común col asturiano, anque a maioría tenlos col gallego. Enmárcase, polo tanto, nel chamao «gallego-asturiano»<sup>1</sup>. Nun é a intención d'este traballo fer úa caracterización lingüística dafeito dos relatos. Namáis, da que váyamos presentando os contos, iremos fendo dalgúas observacións sobre detalles, as máis das veces de mena lingüística, que podan chamar a atención pola súa especificidade ou porque merezan dalgún comentario, por exemplo, sobre a súa vitalidade. Nun pretendemos fer

---

<sup>1</sup> Pintan ben aquí as palabras de Dámaso Alonso, cando se refiría ás modalidades lingüísticas d'entre os ríos Navia e Eo, «fundamentalmente gallegas pero con algúns rasgos asturianos»: «Como en el arco iris entre dos colores inmediatos, hay un momento, en dirección a Occidente, en que nos sentimos dentro del gallego, y otro, rumbo a Oriente, en que nos sabemos dentro del neto asturiano. Mas existe una zona intermedia, en la que, después de todo, la designación que demos a la lengua dependerá de nuestra manera de apreciar e interpretar, uno a uno, toda una serie de hechos lingüísticos», Dámaso ALONSO, *Junio y julio...*, p. 891.

un análise comparativo col gallego ou el asturiano. As comparanzas ou anotacións han referirse a dalgús estudos ou vocabularios publicaos sobre a zona máis occidental d'Asturias<sup>2</sup>.

El qu'agora pasamos a reproducir son as trescripciós lliterales das grabacións, respetando a fala da informante y el sou xeito de cuntar, sin fer reconstrucciós ou amaños llingüísticos máis ou menos xustificables, pra ser quen asina a presentar na súa naturalidá y realidá a cultura y a llingua del conceyo de Bual<sup>3</sup>.

Tentóuse de peneirar el máis que se puido a procedencia dos contos, escoyéndose os que foron apresos en Rozadas conda a informante era nova y sentidos tantas de veces a súa madre, tamén de Rozadas.

### 1. *El folgazán*<sup>4</sup>

*Esto era un home qu'era un folgazán. Era mui folgazán. Nun quería trabayar nin ben nin mal.*

— *Teis que trabayar que se non nun comes.*

— *Pos quero miyor nun comer.*

— *Pos entoncias vámosche enterrar.*

— *Pos prefiero que m'enterren. Eu trabayar nun trabayo.*

*Conque llévanlo enterrar. Iba deitado na caxa. Iba el enterro y el home iba deitado mui tranquilo, que nun quería trabayar. Y un señor que tía muitas fanegas de trigo, da caballo, que vía de volta pr'aquel pueblo<sup>5</sup>... Y díce-yes:*

— *¿Qué llevan ahí, ho?*

— *Ai, llevamos un home.*

— *¡Pero si está vivo!*

— *Sí, pero é que nun quer trabayar.*

— *¿Y lo van enterrar?*

— *Sí, sí, que nun quer trabayar y quer miyor que lo enterren vivo.*

<sup>2</sup> Vid. a bibliografía que se brinda al acabo d'este trabayo.

<sup>3</sup> Nun fai falta volver alló sobre a necesidá de respetar con procurso a llingua dos informantes al hora de recoyer a tradición oral. Namáis asina imos poder achegarnos, na súa variedá, á riqueza cultural d'Asturias.

<sup>4</sup> Outras versións en *Lugo* («A muller folgazana»), p. 174: «Pos sigase o enterro» (recoyido en Incio); *Salamanca*, (nº 23, «El lagumán de Hinojosa»), p. 47: «Pues siga la procesión alante».

<sup>5</sup> É curiosa a presenza sistemática de cuntadas palabras—como é este caso— que nun s'usan máis que con ese diptongo *ue*, que nun é aguardable nesta llingua, y nunca con *o*. Pasa igual con esta palabra en Samartín d'Ozcos: Dámaso ALONSO, *Narraciones orales*, p. 501.

— ¡Hombre, por Dios! ¡D'eso nada!. Le doy yo una fanega de trigo.  
 Séntase el home na caxa y díxo él:  
 — ¿Cocido o en grano?  
 — No, no. Yo se lo doy en grano. Venga usted a mi panera y le doy una fanega para que usted coma.  
 — ¡Siga el entierro!  
 Nun lo quería nin cocer.

É de destacar a actitú diglósica al hora de poñer as palabras na boca dos personaxes del relato: mentres qu'os protagonistas falan na llingua da narradora, *el home que tía muitas fanegas de trigo*, por ser d'un nivel socioeconómico «superior», ten qu'usar el castellano. Con esto llógrase dar máis credibilidad al personaxe y asúmese como natural y definidor del sou estao que nun fale como el resto da xente. Imos volver ver cómo se bota mao d'este recurso noutros contos. El demáis, chama a atención qu'al acabo tamén el *folgazán* fale en castellano. Ben puido ser qu'as «fórmulas» finales del diálogo foran apresadas asina.

Pode observarse na grabación —y asina se reflexa nel testo— el resultao /j/ pra os grupos llatinos *l-* (*llevar*) y *-ll-* (*caballo*) y /y/ pra *lj* (*trabayar*) —y como imos ver máis alantre— pra *c'l*, *g'l* y *t'l*. Nas novas xeneracións ta dándose un proceso de yeísmo que lleva a pronunciar [kabayo] y [yebar] pero os mayores —neste caso a informante— pronuncian muito ben /j/ y estreman d'igual xeito as pronunciacións dos fonemas /j/ y /y/ (*allumarye*, *vou coyella* —úa cousa—, *vou coyerya* —úa cousa a él ou a ella—)<sup>6</sup>.

## 2. ¡Eu quero dous!<sup>7</sup>

*Era un rapaz que quería dous hovers. Déranye un hovo sólo y quería dous. Al outro déranye dous, qu'era el más grande y él era pequeño y déranye ún solo.*

<sup>6</sup> Pra os resultados de *lj*, *c'l*, *g'l* y *t'l* en /y/ nel Navia-Eo pode verse: Dámaso ALONSO, *Resultados...*, pp. 115-120; *El Franco*, pp. 103-104. Sobre yeísmo y posible confusión de /y/ y /j/ na mesma zona: Dámaso ALONSO, *Narraciones orales*, p. 498; *El Franco*, p. 43; *Toponimia de Tapia*, p. 5; *Valledor*, pp. 177-178.

<sup>7</sup> Este conto tan conocido, nas máis das súas versións —al rovéis que na nosa—, ten por protagonista úa parexa de casaos y non a dous hirmaos. Un día tein que repartir tres hovers pra tostillos y el home queda con dous y deixa el outro prá muyer. Ei empieza toda a discusión. Tampouco nun ten a versión que recoyemos a presencia del coxo que tenta d'escapar mentres berra «*Probe de min y del outro!*» y que tein cuase todas as versións atopadas. Aurelio de LLANO, *Cuentos asturianos* (nº 93, «Yo me como dos»), pp. 174-175, recoyido en Caravia; CANELLADA, *Leyendas*, («La muyer brava»), pp. 76-77, recoyido en Torazu (Cabranes); *Contos vianeses*, (nº 68, «Eu quero dous!»), p. 179, recoyido en Bemibre; *Cuentos extremeños*, (nº 110, «Los tres torreznos»), pp. 412-413; CHEVALIER, («¿Quién comerá el tercer huevo?», «Hasta la fosa», «La

— *Eu quero dous.*

*Y os padres, el padre y a madre, nun querían. Dábanye ún.*

— *Quero dous.*

*Y dábanye ún y... Que tamén los comera el hirmao. Y entoncias féxose el morto. Pensaron que murira y fóronlo enterrar. Y quedóuse allí el enterrador y outro home pra enterrallo. Marcharon todos del cementerio y quedaron os dous pra fer a forxa y enterrallo. Y nesto érguese da caxa y él dicindo que quería dous, que quería dous, que quería dous. Y ellos que tal viron qu'erán dous ellos y que quería dous... Escaparon, y el enterrador y aquel outro a correr y él a correr tras d'ellos, que quería dous y a correr y a correr, que pasaron un susto terrible.*

### 3. *El angazo*<sup>8</sup>.

*Era un home que foi a Madrí tres días y vía al pueblo falando, hablando castellano, presumindo, y había tres días que se fora.*

*Y dixo:*

— *¿Qué es esto?*

*Era un angazo. Xa nun sabía qué era. Había tres días que nun lo vira. Y vei, tropezóu nél, y deuye na cara el mango. Y dixo:*

— *¡Qué condanao d'angazo qu'así me mancache! [Chamábaye al garabato<sup>9</sup>. É un cuento. Cuntábase nas cocías por broma, pro era mentira...].*

Este conto tán conocido ten el sou aquel dentro d'úa lingua marcada pol estigma da vergonza y el alcuño de «vulgar» ou mesmamente «inferior». A golpe d'angazo, el home que *cortaba* castellano reintegróuse á súa verdadeira comunidade llingüística.

porfía de los recién casados»), pp. 162-163; *Salamanca*, (n<sup>os</sup> 25 y 26, «Cuento de los tres huevos», «Cuento de los huevos»), pp. 49-51; *Lugo*, (n<sup>os</sup> 80 y 82-83, «O cariño dunha muller», «Probe de min e máis doutro»), pp. 97-93, recoyidos en Begonte y A Fonsagrada; *Senabria*, (n<sup>o</sup> 16, «[Disputa del matrimonio acerca de los huevos]»), pp. 46-47; *Somiedu*, (n<sup>o</sup> 30, «You tenga a comer dous»), p. 66.

<sup>8</sup> Outras versións: CANELLADA, *Cuentos populares*, («La señoritina»), pp. 161-162: «¡Mal rayu t'esfarrape, angazo condenáu!» (recoyido en Madiéu —Cabranes—); *Contos populares*, («Carafío co enciño!»), pp. 177-178; *Lugo*, (n<sup>o</sup> 245, «O angazo»), p. 278: «¡Raio cho coma, o angazo!» (recoyido en Monterroso).

<sup>9</sup> A informante fai esta aclaración porque el *angazo*, na zona d'A Marina del Navia-Eo, usábase pra coyer el ouca qu'arrastra el mar a os ribeiros y que despóis se botaba nas terras pr'abono. *Garabato* ou *garabata*, de dentes máis pequenos y de madera, é a palabra que designa a ferramenta pra xuntar el herba. Tamén s'estreman en *Vocabulario d'Acevedo y Fernández* y *Vocabulariu de Mántaras*. El Franco dáyes a entrambas ferramentas un uso agrícola.

Nel berro del acabo, parécenos na palabra *condanao* a elisión da *-d-* intervocálica. El demáis, nun é normal esta elisión nos falantes da montaña bualesa (a lo menos nos máis veyos). A mantención dos acabos en *-ado* é visto como un rasgo típicamente bualés pola xente de conceyos d'A Marina como El Franco, Cuaña ou Navia<sup>10</sup>.

#### 4. *El mayollongo*<sup>11</sup>.

*Esto era úa casa na que guardaban un toucín pra mayolongo. Entoncias el toucín era el as. Decía a muyer:*

— *Este toucín é pra mayo longo.*

*Era pral mes de mayo, que dura muito. Y un día pasóu por allí un home mui grande pidindo y díxoye el home:*

— *Aihó, ¿usté é mayolongo?*

— *Soi, ho —díxoye el home que pidía.*

— *Pos tome, que dixo a mía muyer qu'aquí tíamos un toucín pra mayolongo y xa qu'é usté, llévelo.*

*Y el home foise contento col toucín, qu'entoncias era el as, el toucín.*

É curioso que nel conto s'use *mayolongo* condo a informante ye deu de título *El mayollongo* («*Y el del mayollongo, ¿nun lo sabes?*»). Quizabes fora úa palatalización seguindo os sous avezos llingüísticos. Imos comentar máis alantre a presenza de rasgos non propios da fala da zona. Sía como sía, *llongo* xa nun ten uso na llingua de Bual se nun é en topónimos<sup>12</sup>.

Tamos vendo nestos primeiros contos a presenza de formas como *pos* ou *más*. Pinta que son as solucións que xa trunfaron na fala anque as espresións máis antigas son *pois*, *máis*, *despóis*, etc.<sup>13</sup>

#### 5. *A muyer que se casara tando en estado*.<sup>14</sup>

*Era úa muyer que se casara. Iba en estado y el mozo nun lo sabía y a os tres meses tía el fiyo. Quedóu el mozo pensatible...*

<sup>10</sup> Sobre a elisión da *-d-* nos acabos en *-ado-*, noutros lugares del Navia-Eo, vid.: *El Franco*, nota 3, p. 188; *Toponimia de Tapia*, p. 5; *Valledor*, p. 292; *Vocabulariu de Mántaras*, pp. 2-3.

<sup>11</sup> Outras versións un daqué máis llargas ou con segundas partes volviendo alló cua pouca llisteza del home ou da muyer (según quen sía el protagonista del caso): CABAL, *Cuentos*, («Catalina»), pp. 164-166: «Si es usted Mayolargo, sí lo hay; si no es Mayolargo, no»; ESPINOSA (fiyo), («Los chorizos para el verano», «Los chorizos para mayo»), pp. 232-234.

<sup>12</sup> Úsase nel sou lugar *llargo*.

<sup>13</sup> En *Vocabulario d'Acevedo y Fernández*, publicao en 1932, mais recoyido muito antias, xa se rexistran *pos* y *despóis*.

<sup>14</sup> Outras versións d'este conto, xa tradicional na España del XVI: CHEVALIER, («El niño prematuro», p. 200; Dámaso ALONSO, *Junio y julio...*, p. 414: «...Mayo, Magayo y el mes de xunta Mayo, son nueve, Xan» (recoyido en Castropol).

- *A nía, hai tres meses que nos casamos. ¿Cómo pode ser esto?*  
 — *Oi, hai nove meses, ho.*  
 — *¿Cómo?*  
 — *Pos claro: mayo, magayo y el mes de mayo, ¿nun son tres meses?*  
 — *Sí, claro.*  
 — *Julio, juliete y el mes que s'entremete, xa son seis.*  
 — *É verdá.*  
 — *Agosto, magosto y el mes d'agosto, ¿nun son outros tres? Pos nove.*  
 — *É verdá. Taba equivocado.*

Volven parecer elementos castellanizantes ayíos al sistema llingüístico propio da zona (*julio, juliete*), d'esta volta da mao d'úa fórmula «fossilizada» como é el diálogo cuase rimao entre el home y a muyer. Así todo, é normal hoi (mesmo entre os máis veyos) el emprego das palabras castellanas que designan a estos dous meses del empezo del brao<sup>15</sup>.

## 6. *Can y carretas.*

*Era ún que se casara y nunca taba gracioso. Un día pasóu un can que ye ataran úas carretas<sup>16</sup> detrás y riase a xente muchísimo porque llevaba aquellas carretas que corrían detrás d'él. Y atopóu un día a sogra á nora.*

— *¿Qué tal che vei con... col fulano?*

*Dixo ella:*

— *Ai, nun sei, nun ta nada gracioso. Tanto ye dá el que ye fagas. Nun ten úa pinta de gracia.*

*Dixo ella:*

— *Dáye el pote das papas a xuntar. Gustábaye muito xuntar el pote nel que fían as papas.*

*Y dixo ella:*

— *Non, non, Dios me llibre. Douye papas abondas pro el pote Dios me llibre de daryo. Non, nun ye dou a xuntar.*

<sup>15</sup> Tamén é normal chamaryes *San Juan* ou *San Xuan y Santiago*. En Dámaso ALONSO, *Junio y julio...* poden seguirse dafeito as diferentes formas d'estos dous nomes. En *Vocabulario d'Acevedo y Fernández* recóyense as formas *xuno* (y tamén *xunio*) y *xulio* (tamén *xuyín*). Vid., tamén, *El Franco*, p. 305 y *Vocabulariu de Mántaras*.

<sup>16</sup> As *carretas* son dúas rodas que se ye poin al basadoiro na punta del ápagu. Noutros llugares del Navia-Eo, *rodelas*. Vid. Dámaso ALONSO, *Gallego «bordelo»*, pp. 475-476; *El Franco*, pp. 289-290.

— *Pos é qu'iba mui acostumbrado a darye el pote das papas a xuntar.*  
*Conque fain as papas y dicen:*  
 — *¿Ques xuntar el pote?*  
*¡Y él que más quería! Y tando xuntando el pote, dixo:*  
 — *A nía (había días que pasara el cuento), ¡can y carretas cómo corrían!*

Vemos neste conto a presenza del artículo neutro *el* (*tanto dá el que ye fagas*), ben común nel gallego-asturiano de Bual y d'outros lugares del Navia-Eo. Empréganse *el* ou *lo*, tanto dá ún como outro, pra pasar á función nominal un axetivo ou oración axetiva<sup>17</sup>.

### 7. *A muyer que se confesaba muito*<sup>18</sup>.

*Era úa muyer que se confesaba muito y un día dixo el sou home:*  
 — *Me cago nel demonio, [é úa mentira como úa casa] hei a saber eu qué se confesa mia muyer.*  
*Conque el domingo madrugóu y foise pral confesonario antias que vese el cura. Chegóu a muyer y púxose allí pra confesar llougo y foi el marido y petóuye. Y púxose a confesar y díxoye:*  
 — *A señor cura, ¿qué ye daréi ao meu maridiño pra que cegue?*  
*Y díxoye el cura, qu'era el home:*  
 — *Mel y manteiga, qu'é úa búa cegadeira.*  
*Conque taban xantando y díxoye a muyer:*  
 — *Aihó, ¿gústache el mel?*  
 — *¡Ó carayo!, pero é mui caro.*  
 — *¿Y a manteiga?*  
 — *¡Coime! Oi, ¿pero quién compra eso tan caro?*  
 — *Nada, home. Cómprolo eu. ¡Qué carái!*

<sup>17</sup> Outros casos escuitaos á mesma informante: *Sabes el ben que la quero, ¿Sentiche el que dixo?, Quedéin pasmada del guapo qu'ibas, Tou pensando nel d'hai cuatro anos, Eu, el demás, nun me queixo*. Vid. este mesmo fenómeno en *Valledor*, p. 254.

<sup>18</sup> El home que se fai pasar por cura nel confesonario pra saber qué diz a muyer é úa figura xa típica nun feixe de contos peninsulares, anque con acabos diferentes al noso: ESPINOSA (fiyo), («El marido confesor»), pp. 223-224; *Salamanca*, («El tejedor metido a confesor»), pp. 80-81. Un conto aparecido al noso, anque máis llargo y arreesao é «¿Cuándo cegará el mio Xuan?», recoyido por Martínez Torner y publicao por A.M. Espinosa, *Cuentos populares españoles*, Madrid, 1946. Recóyelo tamén, volvéndolo al asturiano, CANELLADA, *Cuentos populares*, pp. 143-148.

*Y a muyer venga de darye mel y venga de darye manteiga y el home a puer papos y a engordar. Y dixo él:*

*—A nía, nun me días más que peme que vou cegando.*

*Y dixo ella:*

*—¡É que cho parece, ho!*

*—Non, pos peme que vou cegando. Nun me días más.*

*—Come, come, qu' é que cho parece. ¡Qué vas ir cegando...!*

*Y él era qu'era piyo. [É úa mentira como úa casa; xa nun sei eu darye xeito].*

Como xa comentamos antias (vid. conto nº 4), hai elementos lingüísticos neste relato que chaman a atención por nun ser propios de fala local da informante. A explicación ten que tar en qu'el conto foi apreso asina en dalgún conceyo gallego ou de dalgúa parte achegada a Galicia unde sí se dan dalgús d'esos rasgos na llingua (*ao meu maridiño, ¡Ó carayo!*)<sup>19</sup>. Quizabes tamén haxa que pensar en qu'al arromendar a os gallegos, botando mao de palabras que, por estrañas, podan resultar chocantes a os qu'escuitan, dáseye al relato a súa gracia. Imos ver este recurso —típico na contística tradicional— máis alantre noutros contos (vid. conto nº 12).

#### **8. A muyer que nunca s'enfadaba**<sup>20</sup>.

*Era un home que quería ver a súa muyer enfadada. Nunca la vira enfadada. «Nun sei cómo hei a fer que nunca vin a mía muyer enfadada. Tanto ye dá que chegue tarde como cedo: sempre ta graciosa y nunca s'enfada». Dixo él:*

*—Vou ferye entrar al caballo de reculas na cuadra.*

*Y el caballo nun quería, nun taba acostumbrado. Y él, ¡hala! pegábaye al caballo y el probe caballo espantábase. Y más mazar nel caballo pra chamar a atención da súa muyer. Conque nesto, baxa ella y díceye al caballo:*

*—¡Arre, coño, arre, que del outra manera xa entrache abondas veces!.*

<sup>19</sup> A finales del s. XIX, as mozas de Rozadas, entre ellas a madre da informante, iban a Os Ozcos a pañar patacas pra trer dellas pra casa. «Aquí dicía a mía madre que nun puían modo de llabrallas de xeito». D'esos viaxes volvían con contos y cántigas.

<sup>20</sup> Outras versións: Aurelio de LLANO, *Cuentos asturianos*, (nº 120, «Una mujer complaciente»), p. 205: «¡Tienes razón! De frente ya entró bastantes veces» (recoyido en Colunga); Lugo (nº 103, «A muller de boa paz»), p. 121: «Entra, burriña, entra esta vez polo rabo, que polo fouciño xa tes entrado moitas veces» (recoyido en Castroverde); Salamanca, (nº 15, «La mujer mandona»), pp. 36-37: «Tienes razón. Por el tiempo que ha entrao al derecho, que entre al revés»; Somiedu, (nº 31, «La mucher de buen conforme»), p. 67: «Nun te preocupes, que voi you aidade a metelu asina, que cola cabeza p'alante bastante tiempo entró».

9. *A muyer que se quería casar*<sup>21</sup>

*Era úa muyer que se quería casar y dixéronye que tía que ver úa aguya nel campanario, que se vía úa aguya nel campanario que se podía casar, que se non, non. Y puxerónye úa aguya nel campanario y ella, como se quería casar, (nun vería sequera, ben sei, el campanario) dixo:*

— *Vexo a aguya; el pampanario non.*

10. *Había un home que tía muitas mozas y todas ye fían un bollo condo cocían, nun sendo úa que ye fexo úas medias. Nesto, qu'as mozas enteráronse de que tía muitas mozas (el que nun sabían era lo del bollo). Xuntáronse todas para que lo confesara y preguntáronye cuál moza quería miyor y dixo él:*

— *A todas quiero y adoro pero más á que me dá el bollo. (Como eran todas del bollo...).*  
*Y marcharon todas contentas pro quedábaye aquella outra. Y dixoye a das medias:*  
— *Teislas calzas, nunca tu las gastes.*

11. *Na nosa terra éramosche más listos. Os que tían por más atrasados eran os d'El Pato*<sup>22</sup>.  
*Foron pidiye al cura de Bual el pendón prá festa.*

— *No, hombre, no. El pendón no puede ser que col vento pode romper [esto amáñolo eu], nun puede ser. Yo sí les doy la cruz. La cruz es otra cosa pro el pendón no, que puede romper... ta muy lejos.*

*Y enfadáronse os da festa:*

— *Non, señor cura, non. Se nun nos dá el pingón, a cruz, cague nela.*

12. *Tamén cuntan qu'iban os nenos al desamino da doutrina y preguntóuye el cura a ún d'El Pato qué era «jurar en vano». Y díceye él:*

— *A señor cura, léveme o demo. Vano nin vaneira ye hai en todo lugar, más qu'úa peneira que tein na casa del Escrito que casemente ye anda lugar todo.*

<sup>21</sup> Outras versións: CABAL, *Temas*, («Las viejas que querían casar»), pp. 359-360; Lugo, (nº 106, «O pampanario»), pp. 123-124: «Ai señor cura, a agulla ben a vexo; o que non vexo é o pampanario» (recoyido en Guitiriz); Somiedu, (nº 37, «La vieja que se quería casar»), p. 68.

<sup>22</sup> El Pato é un llugar al norte del conceyo d'Eilao.

13. *Outra vez foran a Bual a cumprir col preceuto y trían a comida porque yes quedaba mui llonxe y desque acabaron puxéronse a comer nel campo da igrelesia. Y dicía ún:*

—*¡Hala, home, hala! Comede, comede, que nun hai presa, qu'el día d'hoi xa lo levóu el demo.*

Nestos tres últimos casos, xúntanse tres circunstancias a considerar: primeira —xa vista nel conto nº 7—, el emprego por parte de protagonistas de rasgos llingüísticos que nun son propios da fala da narradora (*léveme o demo*, por exemplo); a segunda, tamén vista nel conto nº 1, el uso diglósico del castellano pra poñello en boca de xente «culto»; y a terceira, poñer al vecín —sempre diferente, sempre con menos alcance— como elemento qu'axuda a fer máis chocante el relato<sup>23</sup>.

Tamos cridos de que dalgún d'estos casos foi apreso con outros protagonistas y qu'a os d'El Pato tocóuyes el papel d'actores pra ser máis cribles y chocantes as anécdotas<sup>24</sup>. En resume, resulta claro qu'a finalidá implícita é a reafirmación territorial da comunidá, axudándose cua burla y desvalorización del vecín. Según a informante, chocábayes el feito de qu'os d'El Pato «falaran col ele»<sup>25</sup>.

Podemos nestos textos comprobar a vacilación dos grupos *-gr-*, *-pr-*, etc. (*cumprir*, *igrelesia*). A tendencia hoi ta encamiada al cambeo —seguro que por influxo castellanizante— por *gl-*, *-pl-*, *-fl-*, *-bl-*, etc. (*blanco*, *plato*, en llugar de *branco*, *prato*)<sup>26</sup>.

14. *Era un home que foi pa un pueblo de cura. Y iba a xente a misa. Y él taba dando el golpe de cura y nun era cura. Nun sabía. Y chegaba á igrelesia y dicía: «misa». Nun había más nada. Íbase prá sancristía y os demás pra casa.*

<sup>23</sup> É cuasamente inacabable el repertorio de contos de fatos y xente máis ou menos bruta. Quedándonos namáis nesta mena de casos nos que daquén bota dalgúa cimprada ou falta de respeto á relixón, vid. Aurelio de LLANO, *Cuentos asturianos*, (nºs 90-91, «El vaqueiro», «El bautizo del vaqueiro»), pp. 173-174, recoyido en Aguinu (Somiedu); CANELLADA, *Cuentos populares*, (nº 40, «L'obispu»), pp. 89-92, recoyido en Castiellu (Cabranes); *Somiedu*, (nºs 15, 16 y 17), pp. 50-52.

<sup>24</sup> El llugar d'El Pato ta na veira oeste da isoglosa */l/ /ll/*. Del conceyo de Bual sólo dous sitios, nesa mesma zona, tein resultados */l/* dos grupos llatinos *-l-* y *-ll-*: A Brañavara y A Baxada. Pra seguir dafeito os estremos da zona de palatalización y non palatalización nel Navia-Eo, vid. RODRÍGUEZ-CASTELLANO, *Palatalización...*

<sup>25</sup> El contrario pasaba en Tapia, unde os vecíos de llugares al este da isoglosa */ll/* resultaban chocantes al falar col elle. Dicían en Tapia «*Ei vein os de Sallave*», pronunciando el elle mui esaxerado.

<sup>26</sup> Pode comprobarse el mesmo proceso en *El Franco*, p. 143; *Toponimia de Tapia*, p. 6; *Valledor*, p. 197.

—*Ai, pero esto nun pode ser. Mira que nun dice más que misa. Hai qu' escribiye al obispo que temos un cura qu'el domingo nun dice más que misa.*

*Y dice el obispo:*

—*Pos quererán que diga tamén sermón. Dice misa y é que quererán que tamén diga sermón.*

*Y escríbeye el obispo [non, pos era cura, que se non nun ye escribía el obispo], escríbeye el obispo al cura que na misa diga tamén sermón. Y sal al domingo seguinte:*

—*¡Misa y sermón!*

*Retiróuse como sempre. Escribenye os feligreses como sempre: que nun podía ser, qu'iban a misa y que nun misaba, que sólo dicía misa y sermón.*

—*Pos quererán que diga rosario.*

*Escribeye el obispo al cura dicindo que diga misa y sermón y rosario, que queren os feligreses tamén el rosario. Y sale revestido por terceira vez y dice:*

—*¡Misa, sermón y rosario!*

*Retírase. Volven a escribiye al obispo. Y dice el obispo:*

—*Teño qu'ir allá. Nun pode ser. Nun se pode cos feligreses. Él dice misa, dice sermón y dice rosario, ¿qué queren?*

*Y veu el obispo y dice el cura:*

—*Tou perdido, que nun sei misar nin sei nada. ¿Cómo hei a fer eu pra enganar agora al obispo?*

*Conque ye dixo al obispo:*

—*Eu teño el costume de bendicir con auga a os feligreses antias da misa.*

—*Ah, muito ben, muito ben.*

*Y fervéu auga y empezóu el cura a botaryes auga fervendo y cayíayes el auga caliente y os feligreses chamándoye de todas al cura y dixo el obispo:*

—*Oi, sí ¿eh? Tein misa, tein sermón, tein rosario y porque los bendicen protestan... Nun me chamen más.*

*Y foise pra casa y deixóulos allí.*

Neste relato dáse a vacilación de dalgús fenómenos propia da mestura das influencias del asturiano y del gallego. Nun caso é a elisión del -r del infinitivo al amecerye os pronomes *ye* y *yes*<sup>27</sup> y nel

<sup>27</sup> Vid. este mesmo caso en *Valledor*, p. 281 y mapa da isoglosa *afeitarme / afeitame*, p. 432.

outro é a perda da desinencia -e nas formas de 3ª persona del singular del presente indicativo dos verbos de reigón acabao en vocal+ /l/ ou /e/: *salir, valir, conocer, dicir*, etc.<sup>28</sup>. Sí se dá sempre esta perda nel verbo *querer*: *quer*.

### 15. *A morte pelada*<sup>29</sup>

*Era úa muyer que quería... dicía al sou home:*

—*Non, eu quero murir antias que tu.*

*Y foi él y depenóu un gallo, quitóuye as plumas. Dixo él:*

—*Mañá ven a morte por ti ou por min.*

*Y diz qu'era un pito que vía pelado cuas pitas, qu'a morte tía a feitura d'un gallo.*

—*¿Únde t'escondes tu?*

*Dixo ella:*

—*¡Mai, eu nel forno!*

*Y dixo él:*

—*Pos eu detrás da porta.*

*Y veron as pitas pra comer, sin parar y... ¡vén aquel gallo... sin pelo! Y dixo a muyer.*

—*¡Ah, morte pelada, tras da porta lo cata*<sup>30</sup>!

**16.** *Esto foi verdá. Esto cuntábalo un carpinteiro que taba núa casa d'A Brañotía*<sup>31</sup> *de madreñoiro, fendo madreñas. Y había allí úa tía qu'era a cocinera*<sup>32</sup> *y era veyá y eran algo atrasados [eran us infelizóis]. Y rompéuseyes el pote del caldo, qu'era un pote de ferro—os potes empezaban a gotiar, qu'eran de ferro; duraban anos—. Y díceye ella:*

—*¡A Jusé del alma, que se me rompéu el pote, Jusé del alma! Empezóume a gotiar. [Igal nun tía outro...].*

<sup>28</sup> Nel conceyo d'El Franco recóyese el caso del verbo *doler* (*dolme*), anque allí é esplicao pola presenza do pronome átono (*El Franco*, p. 201). Sin embargo, en Samartín d'Ozcos: «*Nun val un perrón*»: Dámaso ALONSO, *Narraciones orales*, p. 519.

<sup>29</sup> Outras versións calcadas a esta: *Contos vianeses*, (nº 43, «Morte negra»), pp. 143-144: «Morte negra, morte pelada; velo está detrás da albarda»; CHEVALIER, («Espejo de casado»), p. 196: «Muerte pelada, veis allí a mi marido detrás de la albarda»; ESPINOSA (fiyo), (nº 294, «La Muerte pelada»), p. 150: «¡Muerte pelada, a por mi maridito, que está debajo de la cama!».

<sup>30</sup> Esta frase final mantén nella un verbo nun sentido que xa nun s'emprega, pero qu'al quedar «fossilizao» nel que diz a muyer, conservóuse nel conto. A informante sacaba el significado pol contexto. Vid. acepción de *catar* (inda con sentido de «buscar») en *Valledor* y *Vocabulario d'Acevedo y Fernández*. Outras acepcións en *El Franco* y *Vocabulariu de Mántaras*.

<sup>31</sup> Lugar del conceyo d'El Franco pegando con Bual.

<sup>32</sup> É castellanismo. Tería que ser *cocieira*.

*Y bueno, rompéu el pote. Y veu un sobrín. Tía tres sobríos. Veu un sobrín.*  
—¡Ai, que rompín el pote!  
—¡A bribúa [falaban mal], a bribúa —ye dixo el sobrín—, fexo nél de comer a mía bola, fexo nél de comer a mía madre y nun lo romperon y fuche rompello tu, bribúa!.

17. *Era un arrieiro qu'andaba vendendo vino. Naquel entoncias os arrieiros andaban con vino. Y pidíu pousada pra dormir núa casa. Y había muita xente de noite allí naquela casa y el arrieiro cansóu y adormecéu á veira da cocía cos demás. Y espertóu, espertóu el arrieiro desque durmíu un sono —que taba cansado de peliar cos machos— y tían lluz na cocía y pensóu qu'era a lluz del día y qu'era el lucero. Y empezóu a mexar polla cocía; por todos, mexaba por todos. «¡Arre, arre!», de paso qu'arriaba al caballo. «¡Arre, arre!». Taba soñando y pensóu qu'era de día. Y el home arriaba de paso que mexaba y andaba polla cocía. «¡Arre!». Mexóulos que foi terrible.*

18. *Cuntaba mia madre qu'había un home que taba... era el día de San Antonio [Esto foi verdá. Esto dicen que foi verdá]. Guardábase el día santo. Taba un home núa pedreira sacando pedra y díxoye outro que pasaba:*

—Aihó, ¿pos nun guardas el día santo?

Dixo él:

—Qué hei a guardar, ho. Morréume un cocho [y más disgracias qu'agora nun m'acordo], xa nun me pode fer más mal del que me fai.

¡Aihó!, y veu —era núa canteira—, veu úa pedra y matóulo.

19. *Iban con un carro muitos carreteiros y dicían quén era y todo. Dicían qu'era ún de Penadecabras, nun sei se era el padre da tía Marcela, el bolo ou el bisabolo dos del Avesedo, peme qu'era ese. Y pasaron por al pe d'úa capiya mui pequena y había un santo chen de telas d'araña. Taba mui abandonada a capiya. Y díceye aquel carreteiro, fulano de tal:*

—Teis pouca virtú, meu probe, que nun quitas sequera as telas d'araña de ti.

*Quedóu sin fala nun sei cónto tempo. Por dicirye aquello al santo. [Cuntábalo mia madre tamén]<sup>33</sup>.*

<sup>33</sup> Outra versión asomeñada na que tamén se castiga al blasfemo ou al que falta a úa figura sagrada, en ESPINOSA (fiyo), (nº 190, «El castigo del desesperado»), p. 299. El protagonista, al que ye morreran dúas fiyas, cada úa un Venres Santo, amenaza con tirarye un tiro al Sepulcro da que pasa a procesión y queda sin poder mover maos y pes por tres días.

É interesante a presenza da palabra *capiya*. Esa realización en [y] nun pensamos que súa castellanismo ou yeísmo moderno. Dáse en falantes como a informante qu'estreman muito ben os dou fonemas. Por outro llao nun é el única palabra da súa fala qu'acaba en *-iya ou -iyo*. Tamén *rodiya*, *poliya*, *xustiyo*<sup>34</sup>. Hai que pensar, entoncias, en resultaos dos diminutivos *-iculum*, *iculum*, xa que c'l deu na zona /y/<sup>35</sup>.

## 20. *As bruxas y os dous xorobos*<sup>36</sup>.

*Eran dúas bruxas que taban cantando y beilando y nun sabían cantar más que «lunes y martes, lunes y martes, lunes y martes...». Y había allí dous xorobos y foi un xorobo y agarróuse ás bruxas y dixo:*

*—¡Miércoles y jueves, miércoles y jueves, miércoles y jueves...!*

*—¡Ai, que favor nos fexo!*

*Y dicían ellas:*

*—¡Lunes y martes, miércoles y jueves, lunes y martes, miércoles y jueves...!*

*Sabían aquello más...*

*—¡Vamos quitarye a xoroba!*

*Y é qu'as bruxas podían muito y quítanye a xoroba y sal bon mozo, sin xoroba. Y el outro xorobo que víu que ye quitaran a xoroba, vei él y agarra as bruxas y empeza:*

*—¡Viernes y sábado, viernes y sábado...!*

*Y dicen ellas:*

*—¡Mecago neste mozo que nos veu a interrumpir y agora esquiecéunos el que sabíamos!*

*¡Vamos pueye a xoroba que ye quitamos al outro!*

*Y salíu con dúas xorobas.*

Neste conto volve pasar cos nomes dos días el mesmo que pasara col nome dos meses nel conto nº 5. Tamén aquí podemos pensar nun fenómeno de castellanización qu'aprendera primeiro neste

<sup>34</sup> Xa nel *Vocabulario d'Acevedo y Fernández* se rexistraban ben de palabras con esa mena d'acabos (*cepiyo*, *armadiya*, *calzonciyos*, *paliyo*, etc.).

<sup>35</sup> É esta a proposta que, pral caso del asturiano, fai GARCÍA ARIAS, *Contribución a la gramática*, p. 115.

<sup>36</sup> Outras versións: CABAL, *Mitología*, pp. 267-268; *Cuentos castellanos*, (nº 13, «Las brujas y el cheposo», pp. 36-37: «Pues la chepa del otro ponérsela a ese»; Lugo, (nº 149, «Os dous homes con marrá»), pp. 177-178: «Poñerlle a marrá que lle sacamos ó outro» (recoyido en Sarria).

tipo de vocabulario, ou qu'as formulas ou diálogos xa foron apresos asina, cos días en castellano. Os equivalentes en Bual son, ou a lo menos eran, *lluis, mércoles, xoves y venres*<sup>37</sup>.

## 21. *El neno del molín.*

*Taban dúas muyeres nel molín y aparecéuseyes un nenín, pequenín, pequenín (dicían qu'era el trasno, que se fixera en figura de neno pequeno).*

—*Ai, ese neno, ¿cómo ta aquí?*

—*Pos meu nun é.*

—*Pos meu tampouco nun é.*

*As probes das muyeres discutiron a montón nel molín (tían razón as dúas: nun era nin d'úa nin d'outra). Pero así todo nun lo deixaron allí y veron col nenín nel collo y nesto, alló condo ye deu a gana al trasno, qu'era ruin como a sarna (más qu'a sarna), dixo:*

—*Pousáime axeito, que nun me manquedes en «tal sito».*

As «trasnadas» feitas por este personaxe da mitoloxía popular son causa de muitos contos tradicionais<sup>38</sup>. Neste caso, a versión que brindamos escoye un xeito eufemístico de resolver a frase final del trasno al nun dicir únde podían mancallo.

Outro rasgo máis da llingua de Bual, y cuasemente de todo el gallego-asturiano, é a posibilidade de fer el imperativo plural en *-ai (pousáime)*, qu'alterna na zona con *-ade (pousádeme)* ou *-aide (pousáideme)*<sup>39</sup>.

<sup>37</sup> Poden consultarse os vocabularios da zona xa mencionaos, con comentarios sobre a súa vitalidá hoi.

<sup>38</sup> As mencións de trasnos, *tragos, díaños burlloes*, etc. etc., seguindo el esquema d'este conto (aparición en figura de neno, ou d'outro xeito, col molín por escenario y a burla final á que nun sabe qu'era el trasno), é ben abundante na contística tradicional asturiana: Aurelio de LLANO, *Del folklore asturiano*, (nº 4, «¡Cucurucú!»), pp. 62-63: «¡Cucurucú, amantásteme, calentásteme y secásteme el cu!» (recoyido en Zalón —Allande—); tamén en Cue (Llanes): «¡Jujú, que las mozas de Cue calentáronme el cú!»; CANELLADA, *Leyendas*, (aparición del *diaño burlón* en forma de cabra nel molín), pp. 195-196, recoyido en Coya (Piloña); GARCÍA ARIAS, *Rellumos*, (aparición del *diaño* en forma de cordeiro: «Quiquiriquí, tetas ya culu todú te ví», recoyido en Llarón (Cangas del Narcea) ou d'un nenín nel monte: «je, je, je, que vos engaí», recoyido en Pigüeces —Somiedu—).

<sup>39</sup> Sobre as formas d'imperativo plural nel Navia-Eo, vid. *El Franco*, p. 189 y *Valledor*, p. 290 y ss.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Aurelio de LLANO, *Cuentos asturianos* = Llano Roza de Ampudia, A. de, *Cuentos asturianos recogidos de la tradición oral por...*, Madrid, 1925.
- Aurelio de LLANO, *Folklore asturiano* = Llano Roza de Ampudia, A. de, *Del folklore asturiano. Mitos. Supersticiones. Costumbres*, Uviéu, 1983. 4ª ed.
- CABAL, *Cuentos* = Cabal, C., *Los cuentos tradicionales asturianos*, Madrid, 1925.
- CABAL, *Mitología* = Cabal, C., *La mitología asturiana (Los dioses de la muerte. Los dioses de la vida. El sacerdocio del diablo)*, Xixón, 1987.
- CABAL, *Temas* = Cabal, C., «Temas de Asturias. La aguja», RDTrP, V, (1949), 358-369.
- CANELLADA, *Cuentos populares* = Canellada, M.J., *Cuentos populares asturianos*, Salinas, 1984.
- CANELLADA, *Leyendas* = Canellada, M.J., *Leyendas, cuentos y tradiciones*, Xixón, 1983.
- Contos populares* = *Contos populares*, escoyeta d'Enrique Harguindey, Vigo, 1983.
- Contos vianeses* = Prieto, L., *Contos vianeses*, 1958.
- Cuentos castellanos* = Díaz, J. y Chevalier, M., *Cuentos castellanos de tradición oral*, Valladolid, 1983.
- Cuentos extremeños* = Curiel Merchán, M., *Cuentos extremeños*, Cáceres, 1987.
- CHEVALIER = Chevalier, M., *Cuentos folklóricos españoles del Siglo de Oro*, Barcelona, 1983.
- Dámaso ALONSO, *Gallego «bordelo»* = Alonso, D., «Gallego “bordelo”, “abordelar” (Sobre el par de encuarte en el noroeste de la Península)», *Obras Completas*, I, (1972), 465-476.
- Dámaso ALONSO, *Junio y Julio* = Alonso, D., «“Junio” y “julio” entre Galicia y Asturias», *Obras Completas*, I, (1972), 389-415.
- Dámaso ALONSO, *Narraciones orales* = Alonso, D., «Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos», *Obras completas*, I, (1972), 495-521.
- Dámaso ALONSO, *Resultados...* = Alonso, D., «Resultados de -lj-, -kl-, -gl-», *Obras completas*, I, (1972), 115-120.
- El Franco* = García García, J., *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*, Mieres, 1983.
- ESPINOSA (fiyo) = Espinosa, A.M. (fiyo), *Cuentos populares de Castilla y León*, 2 vols., Madrid, 1987-1988.
- GARCÍA ARIAS, *Contribución a la gramática* = García Arias, X. Ll., *Contribución a la gramática histórica de la lengua asturiana y a la caracterización etimológica de su léxico*, Uviéu, 1988.
- GARCÍA ARIAS, *Rellumos* = García Arias, X.Ll., *Rellumos de folklor*, Uviéu, 1981.
- Lugo* = *Contos populares da provincia de Lugo*, Vigo, 1963.
- RODRÍGUEZ-CASTELLANO, *Palatalización...* = Rodríguez-Castellano, L., «Palatalización de /- inicial en la zona de habla gallega», *BIDEA* 4 (1948), 113-134. Reproducido en *Verba* 2 (1975).
- Salamanca* = Cortés Vázquez, L., *Cuentos populares salmantinos*, I, Salamanca, 1979.
- Sanabria* = Cortés Vázquez, L., *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria*, Salamanca, 1981 (2ª ed.).
- Somiedu* = Cano González, A.M., *Notes de Folklor Somedán*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1989.
- Toponimia de Tapia* = Suárez Fernández, X.M., *Conceyu de Tapia. Parroquia de Tapia*, Academia de la Llingua Asturiana, Col. Toponimia, Uviéu, 1991.
- Valledor* = Muñiz, C., *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*, Amsterdam, 1978.
- Vocabulario d'Acevedo y Fernández* = Acevedo y Huelves, B. y Fernández y Fernández, M., *Vocabulario del bable de occidente*, Madrid, 1932.
- Vocabulariu de Mántaras* = Suárez Fernández, X.M., *Vocabulariu de Mántaras (Tapia) con daunos refranes o «dita-mes»*, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1991.